

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE OUTUBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 10 de outubro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 7 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2, 4, 9b e 10c)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 9a e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. IMATIA INNOVATION, S.L.
2. GUADALTEL, S.A.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para



desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. Tanto IMATIA INNOVATION, S.L. como GUADALTEL, S.A. presentan un único arquivo dixital, con 50 páxinas a primeira e 49 a segunda.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do Servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no Servizo de Bombeiros (710-2202)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de Recursos Humanos o 2 e 3 de outubro de 2019 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do Servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no Servizo de Bombeiros (710-2202)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.:

1.- Propón como prezo total do contrato o de 9.583,20 euros.

2.- Incrementa as avaliacións específicas de riscos psicosociais mínimas esixidas (5 avaliacións) nos últimos 5 anos realizadas polos técnicos a adscribir ao contrato a:

- Técnico 1: 16 avaliacións
- Técnico 2: 6 avaliacións

3.- Incrementa as avaliacións específicas de riscos psicosociais en colectivos de máis de 100 persoas mínimas esixidas (2 avaliacións) realizadas polos técnicos a adscribir ao contrato a:

- Técnico 1: 8 avaliacións



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Técnico 2: 0 avaliacións

4.- Incrementa a experiencia exixida dos técnicos que se adscriba a execución do contrato (5 anos) a:

- Técnico 1: 16 anos
- Técnico 2: 12 anos

5.- Achega Formación adicional na titulación universitaria de Psicoloxía dos técnicos a adscribir ao contrato:

- Técnico 1: non
- Técnico 2: si

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Ao abeiro do disposto na cláusula 16.3 do PCAP ("As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula"), a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar ao licitador a máxima puntuación indicada no apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego pola súa proposición avaliable a través de fórmula:

	Licitador	Prezo do contrato	Incrementa avaliacións específicas riscos psicosociais mínimas esixida (nº avaliacións)	Incrementa avaliacións específicas riscos psicosociais colectivos máis 100 persoas mínimas esixidas (nº avaliacións)	Incrementa experiencia esixida dos técnicos (nº anos)	Formación adicional na titulación universitaria de Psicoloxía dos técnicos (s/n)
1	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.	40 puntos	10 puntos	10 puntos	10 puntos	10 puntos
Total						80 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador pola súa proposición avaliable mediante xuízo de valor no informe asinado o 2 e 3 de outubro de 2019, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
1	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.	20 puntos	80 puntos	100 puntos

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:21	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA947-522B2E-3E58AE-1LTHWC-VJZC9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Castro, así como o estudo de paramento (9.515-307)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que durante o prazo concedido para presentar a documentación acreditativa esixida no apartado 6B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares, con data 2 de outubro de 2019, D^a. ENRIQUETA LÓPEZ RODRÍGUEZ presentou un escrito (número de rexistro 190151632), no que indica “*comunico que non vou presentar a documentación complementaria solicitada posto que por motivos persoais véxome na obriga de desistir na miña proposta de licitación da obra*”.

Á vista do escrito presentado a Mesa entende que D^a. ENRIQUETA LÓPEZ RODRÍGUEZ retira a súa oferta e acorda dar traslado ao Servizo de Contratación para que inicie o correspondente expediente para prohibición de contratar de conformidade co artigo 71.2a) da LCSP.

Entrégase, a continuación, o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 7 de outubro de 2019 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 9 de outubro de 2019 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do Servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no Servizo de Bombeiros (710-2202)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de prevención alleo (SPA) para a realización da avaliación inicial de riscos psicosociais do Servizo de Festas e revisión da avaliación de riscos psicosociais no Servizo de Bombeiros (710-2202) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U.	100 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:21	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA947-522B2E-3E58AE-1LTHWC-VJQZC9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP (“as empresas que opten ao contrato deberán estar acreditadas pola administración laboral como Servizos de Prevención Alleo. Deberá acreditarse a condición de Servizo de Prevención Alleo para a provincia de Pontevedra”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla do Castro, así como o estudo de paramento (9.515-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla do Castro, así como o estudo de paramento (9.515-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ	85,25
2	ÁRBORE COOPERATIVA GALEGA	60,52

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

c) Procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:21	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA947-522B2E-3E58AE-1LTHWC-VJZC9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de catalogación e proxecto piloto para a dixitalización do arquivo municipal (8.629-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	REPROUTLET, S.L.	75,69
2	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L.	68,00
3	SEVERIANO MOVIL, S.A.U.	54,09

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, REPROUTLET, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:21	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA947-522B2E-3E58AE-1LTHWC-VJQZC9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	96,76
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,54
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	95,16
4	CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO SL	90,08
5	NAROM SL	87,93
6	SACYR CONSERVACIÓN, S.A.	71,68

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., o día 20 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 3 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 10 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:21	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA947-522B2E-3E58AE-1LTHWC-VJQZC9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 27 de agosto e 13 de setembro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441) por un prezo total de 45.057,93 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.819,97 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) (recurso especial en materia de contratación interposto por PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L. contra o acordo de adxudicación)

Dáse conta do recurso interposto o 27 de setembro de 2019 por Ángel Albino Escariz Pérez, en representación de PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L., contra o acordo de adxudicación.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 04:21	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA947-522B2E-3E58AE-1LTHWC-VJQZC9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		